

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través do seu voceiro e a iniciativa do deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

O Proxecto de lei reguladora da protección social para os traballadores do sector marítimo-pesqueiro esta nestes intres nos seus últimos procesos de tramitación no Estado.

Este proxecto, a pesar das numerosas declaracións institucionais unánimes en defensa dos dereitos das redeiras deste país, esquecese unha vez máis deste colectivo negándolles os beneficios sociais derivados das súas duras condicións laborais, que si son recoñecidos a outros colectivos.

No texto deste proxecto de lei, unicamente se recoñece as condicións e beneficios derivados desta norma, aqueles redeiros e redeiras que desenvolvan a súa actividade abordo das embarcacións e buques, figurando como técnicos ou tripulantes dos mesmo, xa sexa por conta propia ou allea.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que :

- 1) Solicite do Goberno central a modificación do Proxecto de lei reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro de xeito que inclúa as traballadoras e traballadores comprendidas dentro da profesión de redeiras, con independencia de se realiza traballo a bordo ou en terra.



- 2) De inmediato se inicien os trámites necesarios para incluír dentro da normativa vixente as reivindicacións históricas deste colectivo, en canto a coeficientes redutores, xubilación, recoñecemento de enfermidades profesionais e persecución da competencia desleal.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 21/09/2015 18:24:06**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 21/09/2015 18:24:15**